

ESTELA ÁNGELES MONDRAGÓN

E O CAMIÑO A BAQUEACHI

Texto **Lara Dopazo Ruibal**
Ilustracións **Marta Conde e Rotmlnas**





ESTELA ÁNGELES MONDRAGÓN

E O CAMIÑO A BAQUEACHI

TEXTO Lara Dopazo Ruibal

ILUSTRACIÓNS RotmInas e Conxenia/Marta Conde

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA Adrián Estévez Iglesias

DESEÑO E MAQUETACIÓN conxenia.gal

EDICIÓN

Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social
agareso.org

Coordinadora Galega de ONGD
galiciasolidaria.org

Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos
im-defensoras.org

COORDINACIÓN Helena Capera Cullell

PRIMEIRA EDICIÓN Decembro de 2020

IMPRIME Deputación de Pontevedra

DEPÓSITO LEGAL PO 443-2020

DEREITOS Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas



Estela Ángeles Mondragón e o camiño a Baqueachi contou co apoio financeiro da
Deputación de Pontevedra

Este libro foi impreso en papel reciclado e ambientalmente sostible

Defensoras semillas de cambio:

LAS HISTORIAS DE ESTAS MESOAMERICANAS PODEROSAS

La campaña "Defensoras Semillas de Cambio" nació desde la Iniciativa Mesoamericana de Defensoras para que pudiésemos mirar a los ojos -al menos a través de imágenes y textos- a esas mujeres poderosas que defienden nuestros derechos en Mesoamérica.

Las defensoras que siembran cambios en nuestra región son miles: Acá les presentamos, gracias al trabajo creativo y el esfuerzo de nuestras compañeras de la Coordinadora Galega de ONGD y la Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social, las historias de algunas de ellas, con voces, vidas y acciones que han roto esquemas en la región Mesoamericana.

¿Qué significa ser defensora mesoamericana que siembra cambio? Las defensoras sostienen la vida en una de las regiones más peligrosas del mundo para ser mujer y defender derechos. Este extracto del manifiesto de nuestra campaña, lo explica mejor:

"Las mujeres están en la vanguardia de las luchas por la igualdad, la justicia y los derechos humanos individuales y colectivos en Mesoamérica. Mujeres indígenas, mestizas, negras, garífunas, mujeres del campo y de la ciudad, del mar y de la montaña, mujeres madres, migrantes, lesbianas, transexuales, mujeres jóvenes, ancianas, mujeres árbol, mujeres pájaro, mujeres maíz, mujeres cora...

Mujeres que desde sus diferentes orígenes, expectativas y experiencias de vida, con su trabajo, su lucha diaria, su dignidad y resistencia, pese a los múltiples obstáculos y dificultades, contribuyen a la construcción de un mundo más justo y habitable para todas las personas.

Todas ellas son defensoras de derechos humanos: estudiantes, periodistas, campesinas, académicas, sindicalistas, maestras, tejedoras, amas de casa, parteras, artistas, empleadas, desempleadas, artesanas, raperas, vendedoras, sanadoras"

Agradecemos de nuevo el esfuerzo colectivo y el deseo de llevar los rostros y las historias de las defensoras mesoamericanas a otras fronteras.

PRESENTACIÓN

Tecer, tecer e volver tecer, aínda que sucesivos furacáns destrúan as nosas redes de protección. Disto van estas historias. Elas simbolizan todas as tecedoras de cambios que ao redor do mundo loitan para que a rabia que as indigna sexa o seu motor para a transformación.

Hai mulleres cunha enerxía extraordinaria que emana da súa empatía, da súa capacidade de soñar, que a pesar de que as súas vidas adoitan ser unha carreira de obstáculos conseguen seguir avanzando para construír nos seus barrios, na súa vilas, nas súas comunidades proxectos, movementos, asociacións, loitas polas que merece a pena seguir resistindo.

A palabra resistir está chea de peso, verbalizala parece xa en si mesmo un esforzo. Ás veces todas quixeríamos deixar de pelexar. Mais o fío, imperceptible pero firme que mantén a tensión necesaria para non esmorecer, é a colectividade. Non resistes por ti, resistes por todas. Porque antes de que as palabras resiliencia ou sororidade tivesen unha definición sobre o papel, xa existían na práctica. Porque ás veces, defender é unha obriga por máis riscos que se corran no camiño.


Este é o caso de Estela Ángeles Mondragón, que fixo da defensa da terra, da aposta polo valor da comunidade e da loita contra a impunidade unha forma de resistencia. E por iso ela é a protagonista desta historia.

Estes relatos teñen o obxectivo de contribuír a defender a quen defende e de que cada vez máis xente poida coñecer as súas loitas. Así que desde a Coordinadora Galega de ONGD, da que Asociación Galega de Comunicación polo Cambio Social (Agareso) somos parte, tecemos a nosa rede para xuntala coa rede da Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos e seguir así construíndo un mundo máis xusto e máis resistente aos furacáns.



Un día, un dos homes da comunidade de Baqueachi díxolle: "dille a esa irmá que esperte, dille que este pobo está xa canso de agardar". De primeiras, Estela non soubo a que irmá se refería, pero axiña se decatou. Tempo atrás, contáralles a historia de Temis e Nétese. Temis era a deusa grega da xustiza, imparcial e sempre acompañada da espada e da balanza. Mais ás veces, cando a xustiza de Temis non se realizaba, aparecía Nétese, a deusa da xustiza retributiva, moito máis visceral. Nétese era quen repartía a cadaquén o que merecía, era quen acababa colocando cada persoa no lugar que lle correspondía.

Cando Estela foi por primeira vez a Baqueachi, aquel pobo levaba sesenta anos de loita para recuperar as terras que lles foran roubadas. E aínda tardarían moitos anos máis en ver aparecer polos seus camiños a Temis e Nétese, levándolles a tan agardada xustiza.



BAQUEACHI

México divídese en estados, de aí o nome completo do país: Estados Unidos Mexicanos. A comunidade de Baqueachi pertence ao municipio de Carichí, que está en Chihuahua, un estado que ocupa unha superficie case equivalente á metade da Península Ibérica, e que polo norte fai fronteira cos Estados Unidos.

En Chihuahua sitúase unha boa parte da Sierra Madre Occidental, que atravesa o estado de Chihuahua e o suroeste dos estados de Durango e Sonora. Unha das cadeas montañosas que forman parte da Sierra Madre é a Sierra Tarahumara, que recibe o seu nome precisamente polo nome que os **colonizadores** españois deron no século XVI aos poboadores orixinarios rarámuri.


O estado de Chihuahua ten unha poboación indíxena superior ás cen mil persoas, maioritariamente rarámuri. As loitas cos colonizadores primeiro e despois con **terratenedes** e outros grupos con máis poder, fóronos expulsando ao longo dos séculos das terras que habitaban cara á serra, e iso explica por que hoxe en día viven principalmente nese territorio montañoso.

Os rarámuri son chamados os corredores máis resistentes do mundo. Son ben coñecidos pola súa resistencia física e, se cadra, isto ten que ver con que habitan un lugar de clima extremo: algunhas montañas da serra superan os 3000 metros de altura, e mentres que nas zonas altas os invernos son xélidos, nas partes máis profundas dos barrancos chegan a darse froitas tropicais. Pero en xeral é un lugar duro, cun clima árido ou semiárido no que,

además, escasea a auga e son constantes as secas. A estes problemas coa auga engádense outro moitos: presentan uns índices de pobreza moi superiores ao resto da poboación, taxas de **mortalidade infantil** altas e graves obstáculos á escolarización e alfabetización. A rexión rarámuri é unha das zona máis empobrecidas de todo México.

De todos os pobos indíxenas que hai en México, os rarámuri son quen viven con maior dispersión, debido á orografía do territorio que habitan, á distribución da auga e mais ás características da súa agricultura tradicional. Pese á súa dispersión, caracterizáronse tradicionalmente pola reciprocidade e apoio mutuo entre persoas e comunidades, e polo respecto na súa relación coa terra que habitan e traballan.

* Consulta o significado das palabras destacadas no glosario das últimas páxinas.



A DIVERSIDADE E A DESIGUALDADE EN MÉXICO

México é un país cunha diversidade interna asombrosa, e o país con máis poboación indíxena ou orixinaria en cifras globais de toda América Latina.

Un dos principais criterios para determinar quen é indíxena e quen non é a lingua; é dicir, unha persoa é considerada indíxena se fala algunha lingua indíxena. Isto é un pouco problemático, porque deixa fóra non só as nenas e nenos menores de cinco anos, senón tamén as persoas que viven en comunidades indíxenas e que, aínda que non teñan a lingua indíxena como materna, participan activamente da vida da comunidade e son recoñecidas como parte da mesma. Se co criterio lingüístico a poboación indíxena representa un 6,5% sobre o total de poboación en México, utilizando o criterio de quen se autoconsidera indíxena, esta cifra sobe ata o 21,5% do total de mexicanos e mexicanas.

Na actualidade, existen arredor de sete millóns de persoas maiores de cinco anos que falan algunha das 68 linguas indíxenas de México. Os pobos orixinarios distribúense por todo o seu territorio, pero hai unha maior concentración no centro e no sur. De feito, os estados de Oaxaca, Chiapas, Veracruz, Puebla e Yucatán concentran o 61% da poboación indíxena de todo o país.

A poboación orixinaria padeceu unha discriminación histórica e estrutural que resultou nunha marxinación e pobreza elevadas, na dificultade de acceso a servizos básicos como a saúde, a educación ou a xustiza, e nunha vulneración sistemática dos seus dereitos económicos, sociais e culturais.

totonaca

mazateco

maya

chol

tzeltal


náhuatl

zapoteco

otomí

mixteco

tzotzil



Así, a poboación indíxena é a que máis discriminación padece, e a que amosa os índices máis altos de pobreza, marxinación e analfabetismo. Unha gran parte desta poboación habita lugares de difícil acceso, e a causa debemos atopala na expulsión, por parte de colonizadores primeiro, e terratenentes e crime organizado despois, dos lugares nos que tradicionalmente habitaban. Ademais, nas últimas décadas migraron masivamente ás cidades, desprazados pola violencia dos seus lugares de procedencia ou na procura de mellores condicións de vida; pero nas cidades pouco mellorou a súa situación.

Estímase que arredor dun 72% da poboación indíxena mexicana vive en pobreza ou extrema pobreza. A súa esperanza de vida é sete anos menor ca a da poboación xeral, e as taxas de mortalidade infantil son tamén máis altas, debido principalmente a enfermidades prevenibles. Teñen menos acceso á atención médica de calidade e menos oportunidades de obter un emprego formal; os nenos e nenas menores de 5 anos presentan unha desnutrición tres veces maior ca a media do país. Ata 205.000 persoas indíxenas non contan con **registro de nacemento**, o que lles impide acceder a todos os servizos básicos. As taxas de analfabetismo da poboación indíxena duplican a media de todo o país, e a educación primaria bilingüe aínda non se estendeu por todo o país cos mínimos de calidade contemplados nas leis de educación. Se ben hai multitude de proxectos e programas sociais e económicos enfocados na poboación indíxena, a fenda de desigualdade é enorme e apenas mudou nos últimos tempos.



PERO... QUEN É

ESTELA ÁNGELES MONDRAGÓN

Retrocedamos un pouco cara atrás no tempo e despracémonos uns mil cincocentos quilómetros cara ao sur de México. En Ixtlahuaca, nunha **área mazahue-otomí** do Estado de México, naceu Estela. Seu pai e súa nai, labregos, agardaban que a súa filla fose mestra, pero ela desde ben noviña tiña claro que o seu camiño tiña máis que ver coas leis que coa educación.

De todas as ramas que ofrecía o Dereito, Estela nunca pensou que se adicaría ao territorio. Isto chegou por casualidade, a través dunha bolsa que ofrecían a estudantes. Así, instalada na capital mexicana, comezou a traballar con pequenos propietarios e aprendeu a complexidade da propiedade da terra no seu país, aprendeu a diferenciar entre comunidade e **ejido** e a entender o que significaba para uns e para outras a terra que traballaban e na que habitaban.

Da súa nai herdara a vontade de darlle a cadaquén o que lle pertence. O amor pola terra herdáralo do seu pai. Del aprendera que a terra era parte dunha mesma, e que sen a terra non eran nada. Para as defensoras do territorio, a terra é algo máis ca unha parcela na que



cultivar ou construír. É unha parte da súa identidade e de si mesmas, unha extensión do seu corpo. Ese xeito que tiña seu pai de amar a terra, e que Estela herdou, foi o mesmo que atoparía moitos anos despois no pobo de Baqueachi.

Deste xeito, e case sen querer, Estela comezou a exercer como avogada e asesora en casos de disputas territoriais, na defensa de comunidades indíxenas do centro do país, do val de México, de Michoacán, de Guanajuato. E así como estas comunidades ían gañando casos, comezaron a recibir ameazas e agresións. Axiña aprendeu que defender a terra e ás comunidades era perigoso porque sempre estaban en xogo moitos intereses económicos.

O inimigo adoitaba ser grande e poderoso, máis grande e poderoso ca as comunidades coas que colaboraba. E ademais, non dubidaban en usar calquera estratexia de intimidación para meterlle medo e que abandonase o traballo.

Foron as ameazas e o temor a que lle pasase algo á súa familia e a ela mesma, o que a fixo marchar da Cidade de México, onde vivía. Aínda que nunca na súa vida imaxinara que podería acabar establecéndose en Chihuahua, puxo rumbo a esta cidade do norte do país. Estaba cansa de ameazas e persecucións, e en Chihuahua, cría Estela, podería adicarse a cuestións que nada tiñan que ver coa defensa do territorio, e viviría tranquila cos seus fillos.

UNHA OLLADA SOBRE OS CONFLITOS POLA TERRA EN MÉXICO

En México existen principalmente tres formas de propiedade da terra, semellantes ás que existen en Galicia:

- > **Propiedade social:** é un tipo de propiedade colectiva, e inclúe a propiedade *ejidal* e a propiedade comunal
- > **Propiedade pública:** o Estado e os seus órganos son os titulares
- > **Propiedade privada**

A terra é un motivo de conflito en México desde hai séculos. Antes da **colonización** por parte dos españois, cada pobo indíxena tiña o seu sistema de propiedade da terra, que os colonizadores eliminaron para impoñer o seu. Desde a colonización e ata o século XIX os pobos indíxenas foron despoixados das súas terras, e víronse obrigados en moitos casos a abandonar os lugares nos que vivían.

A principios do século XX promúlganse as leis de restitución de terras e a moitos pobos indíxenas se lles devolveron as súas. Porén, as terras que lles foron devoltas non utilizaban o mesmo sistema de propiedade que os pobos tiñan séculos atrás. Ademais, para que lles devolvesen, as comunidades tiñan que acreditar que foran posuidoras daquelas terras e que os documentos eran verdadeiros, un proceso moito máis longo e complexo que o que se lle esixía a calquera pequeno propietario privado.

Os pobos indíxenas, ademais, partían doutras moitas desvantaxes: non se manexaban en español igual de ben que o resto da poboación, non tiñan bos niveis de escolarización e alfabetización, e ademais contaban con menos recursos, incluídos os económicos, para facer fronte aos trámites e procesos legais, que adoitaban durar anos ou mesmo décadas.

Por outra banda, as reformas posteriores ás leis de propiedade e agrarias recuncaron nese ignorar as necesidades e características específicas da poboación indíxena e o seu uso e vinculación coa terra. Unhas modificacións que tiñan como obxectivo permitir a privatización das terras de propiedade social e que desprotexían



as poboacións indíxenas á hora de defender os seus dereitos territoriais. En moitos casos de disputas por invasión de territorio, favorécese a negociación, que sempre implica que as comunidades donas da terra cedan para chegar a un acordo cos invasores e, polo tanto, non se vexan protexidas como posuidoras dun territorio que de feito si lles pertence.

Na actualidade hai uns 130 conflitos ambientais abertos en México, provocados pola usurpación de terras. O certo é que nos últimos anos acrecentáronse as agresións a defensores e defensoras da terra alí, por parte de invasores con intereses moi heteroxéneos. Isto é debido fundamentalmente a unhas políticas de desenvolvemento do país centradas en megaproectos de diferentes tipos: mineiros, hidroeléctricos, eólicos, industriais, turísticos, inmobiliarios ou agrícolas, entre outros. Polo xeral, a poboación non é informada dos proxectos que se queren levar a cabo nas súas terras e sonlles roubadas para levalos a cabo. Isto xera conflitos territoriais, desprazamentos forzados, violencia e criminalización dos pobos que defenden os seus dereitos. A todo isto súmase a dificultade de acceder á xustiza da poboación máis pobre e a impunidade xeralizada.

Entre 2012 e 2019 contabilizáronse 499 agresións a defensores e defensoras da terra en México, das cales 68 foron asasinatos. As persoas defensoras de dereitos humanos están expostas a violencia moitas veces sen contar con ningún tipo de protección. As agresións adoitan comezar coa estigmatización e as difamacións, para continuar con ameazas ata desembocar nas agresións físicas e mesmo en asasinatos.

As mulleres defensoras, ademais de padecer as mesmas ameazas que os homes, son obxecto de violencia de xénero polo feito de ser mulleres (violencia sexual, desprestixio, exclusión de cargos públicos e de poder...), non só por parte de actores estatais e non estatais, senón tamén ao interior dos movementos de dereitos humanos dos que fan parte.



* Dá ao pobo rarámuri o que Deus pai nai lles deu primeiro: a súa terra, o seu mundo

Estela sostén que ser defensora de dereitos humanos é algo máis ca ser avogada, e tamén sostén que se nace con iso, que a necesidade de erguer a voz diante da inxustiza e a insistencia en facelo son algo innato nalgunhas persoas. Así que aquel plan de vida tranquila, afastada da defensa de comunidades e adicada ao dereito civil, aquel plan duroulle ben pouco, porque se cruzaron no seu camiño as comunidades rarámuri de Huahuachérare, Pino Gordo... e, tamén, Baqueachi.

Eran os anos 90 e o pobo de Baqueachi levaba décadas loitando para defender os seus territorios. A comunidade posúe 44.000 hectáreas de terra, unha extensión enorme, grande de máis para poder tela constantemente controlada fronte a invasións.

Baqueachi está situada na serra, nun terreo árido, especialmente fértil para os pastos, e atractivo para algúns gandeiros das vilas veciñas que se adicaban ao gando vacún e que non dubidaron en ir invadindo terreos, coa vontade de quedar con eles pola forza e de utilizar calquera estratexia para disuadir a comunidade propietaria de recuperalos.

Todos os avogados desistían pola dificultade do seu caso, ou pretendían enganar á comunidade. O que o pobo de Baqueachi procuraba a aquela altura dos anos 90 era un avogado ou avogada que fose honrada, e así



foi como deron con Estela e Ernesto, o seu home, cando ambos asesoraban legalmente o **Frente Democrático Campesino**.

Baqueachi reclamaba daquela a devolución de arredor de 8.000 hectáreas que foran invadidas por gandeiros invasores do municipio de Nonoava, e ás que máis adiante se sumaría a disputa doutras 25.000 hectáreas. Pero o sistema xudicial era hostil para a comunidade: eles non coñecían nin entendían a lexislación e esas normas tan alleas ao funcionamento da súa comunidade, non falaban ben o español (e moito menos a complexa linguaxe xudicial!) e tiñan moitos menos recursos ca os invasores.


A primeira batalla que gañaron foi a da lingua. Estela reclamou unha e mil veces a presenza dunha persoa tradutora durante os xuízos, pero como ela falaba español, ninguén comprendía a necesidade de que houbera tradución, posto que a avogada podía perfectamente explicar á comunidade o que se discutía e tramitaba no xulgado. Un día, cansa de recibir negativas, chegou ao xulgado e fixo a súa introdución en rarámuri. Ao rematar, dixo:

-Entendéstesme?

Mirárona cos ollos abertos coma pratos. Ela continuou:

-Así quedan eles cando vós falades, porque non entenden nada, mesmo se despois eu lles explico o que se dixo aquí.

Aquel día suspendeuse a audiencia e a partir do seguinte tiveron sempre unha persoa tradutora na sala. E lograron tamén que as dezasete sentenzas ditadas desde entón fosen tamén traducidas ao rarámuri. Aquela vitoria de Baqueachi sentou un precedente para todo México. Fora un logro para Baqueachi e un logro para todos os falantes de linguas indíxenas do país.



¿?


Para pescudar e reflexionar

- Por que cres que foi importante que Baqueachi conseguise ter unha persoa tradutora nos xuízos e que se traducisen todas as sentenzas e documentos oficiais?
- Cres que é importante que a xustiza, e os servizos públicos en xeral, falen na mesma lingua ca a cidadanía?
- Sabes o que son os dereitos lingüísticos das persoas falantes de **linguas minorizadas**?

Non todo o mundo está orgulloso do noso pasado indíxena, e aí radica a diferenza de quen facemos defensa do territorio: queremos a terra,

considerámola parte de nós. Creo que Baqueachi ve así a súa terra.

E, se cadra, entender como defendían o seu territorio levounos,
levounos a quedar alí.



Estela explica que Baqueachi ten forma de rombo, un rombo de 44.000 hectáreas, e conta que ela percorreu ese rombo polos seus catro costados. Aprendeu a querer a serra camiñándoa e padecéndoa, porque andaban durante horas e horas polos seus carreiros, serra arriba e serra abaixo, moitas veces sen auga ou cos alimentos xustos.

Durante vinte e cinco anos Estela camiñou ao lado da comunidade. Non diante, nin detrás, senón ao lado. Estela interpretaba e poñía as leis ao servizo de Baqueachi, pero era Baqueachi quen tomaba as decisións, quen escollía que camiño habían tomar. Durante os vinte e cinco anos que loitaron xuntas pola terra, a comunidade de Baqueachi e Estela tiveron que aprender unha da outra, non só a entenderse e poñerse de acordo senón, tamén, a valorarse mutuamente e nutrirse da experiencia e os coñecementos que cada cal tiña.

Cando comezaron a gañar xuízos, as ameazas e agresións que viñan padecendo recruáronse. Os invasores utilizaron todas as estratexias que puideron. Tentaron comprala, ofrecerlle cartos para que deixase de defender a Baqueachi. Tentaron desacreditala, denunciando falsamente que non era licenciada en Dereito e non podía exercer como avogada. Como nada disto funcionou, comezaron coas agresións, contra ela e contra os gobernadores da comunidade: peches das estradas e camiños que levaban a Baqueachi, persecucións pola serra, agresións directas, tentativas de secuestro. Chegaron a incendiar o seu despacho, chegaron a desbarrancala mentres conducía pola serra e nun camiño lanzaron contra o seu coche unha rocha de varias toneladas para tentar esmagala.





A ESTRATEXIA DE ESTIGMATIZACIÓN E DE DESPRESTIXIO

Os defensores e defensoras da terra adoitan ser obxectivo de violentas campañas de estigmatización e desprestixio contra eles, e en moitas ocasións non denuncian por desconfianza no propio sistema xudicial, ou por todas as barreiras que fomos vendo ao longo destas páxinas: económicas, lingüísticas, culturais, ou o propio racismo e discriminación contra eles e elas.

A estigmatización é un proceso de desacreditación ou deshumanización dunha persoa ou grupo, baseada en argumentos racistas, machistas, ou doutras clases. Os grupos ou persoas que se atopan nunha situación de poder utilizan estratexias de estigmatización para impoñer estigmas, e fomentar a marxinación e exclusión dos grupos ou persoas estigmatizadas.

Pola súa banda, o desprestixio e a criminalización son dúas das estratexias máis utilizadas contra defensores e defensoras para deslexitimalas, a elas e ás súas loitas. Estela Ángeles Mondragón foi vítima dunha campaña de desprestixio contra ela e a súa defensa de Baqueachi nos últimos tempos, ao ser acusada de vender ilegalmente terras da comunidade no seu beneficio. A pesar de que esta é unha acusación falsa, foi utilizada para poñer publicamente en dúbida a súa honradez e o seu traballo como defensora, e para deslexitimar os propósitos e logros de Baqueachi na loita polo seu territorio.

O punto álxido de violencia chegou a principios de 2010. As agresións contra ela e a súa familia foran medrando. Á súa filla tentaran matala disparándolle unha bala que de milagre acabou dándolle nada máis que na man.

Estela sabía que alguén ía morrer, e sempre creu que sería ela, pero unha tarde na que estaba fóra, entraron no seu despacho e asasinaron ao seu home, Ernesto, o seu compañeiro de vida, e con quen levaba man a man o caso de Baqueachi.

Ata daquela non a creran cando denunciara que aqueles ataques viñan da serra, e eran pola defensa de Baqueachi. Mais cando asasinaron a Ernesto, houberon de darlle a razón.

Ese día, por primeira vez na súa vida, Estela renegou de ser avogada, porque o prezo que viña de pagar por selo era demasiado alto.



A IMPUNIDADE

Un dos grandes problemas de México é a impunidade fronte ás desaparicións e os asasinatos. Son moitos os casos que non foron resoltos, isto é, nos que os asasinados non chegaron a pagar polos seus actos, nin sequera a ser enxuizados. A impunidade é case absoluta porque non se investiga de xeito exhaustivo nestes casos e, polo tanto, non chegan a resolverse nin se castiga aos culpables. Segundo o Informe do Relator Especial da ONU sobre a situación dos defensores e defensoras de dereitos humanos en México, un 98 % dos delitos cometidos neste país contra as persoas defensoras quedan sen resolver.

Isto foi o que aconteceu con Ernesto Rábago, para quen aínda non houbo xustiza. Pese a que se sabe que o asasinato foi motivado pola defensa de Baqueachi, o caso non foi debidamente investigado e os seus asasinados continúan libres, sen pagar polo que fixeron.

Estela pensou daquela que nunca máis volvería ser avogada. Pero a vocación era máis forte do que ela cría, tamén o compromiso coa comunidade. Presentaron aínda quince demandas máis uns meses despois. Para daquela, os medios de comunicación comezaran a prestarlle algo de atención a Baqueachi. Ata entón non lle importaran a ninguén: non loitaban contra empresas transnacionais, nin contra o goberno, nin contra un megaproxecto. Eles loitaban contra gandeiros e ninguén considerara que unha comunidade indíxena reclamando a súa terra puidese ser noticia.

Desde o asasinato de Ernesto os medios comezaron a facerlle caso, e algúns xornalistas achegáronse á serra para coñecer que era o que estaba a acontecer con aquela pequena comunidade rarámuri.

Todas as demandas que presentaron foron gañadas pola comunidade, e ata hoxe máis de 25.000 hectáreas foron recuperadas por sentenza xudicial. Algún dos xuízos chegaron a gañalo catro veces, despois de que se presentasen unha morea de recursos e alegacións. Todo o que sementaran Baqueachi e Estela comezara a dar os seus froitos.

Así, logo de infindos recursos e alegacións, logo de ter que comezar algúns procesos de novo por diferenzas de centímetros nas medicións da terra, logo de ter que desalojar os invasores mesmo coa policía e ver como ao cabo duns días as terras volvían estar invadidas. Logo de escoitar insultos, desprezos, ameazas e agresións. Logo de bater unha e outra vez con funcionarios públicos que non entendían por que esixían que lles traducisen os procesos e os documentos á súa propia lingua. Logo de verlle os ollos á morte e á violencia máis duras. Logo de todo o pelexado e sufrido, por fin comezaban a ver como a balanza da xustiza caía cara ao seu lado.



Estela sostén que o éxito de Baqueachi foi a unidade da propia comunidade e a confianza e lealdade entre a avogada e as persoas que representaba. Ás veces si cansaban, porque foran moitos anos pelexando sen ver o final do camiño. Pero a comunidade non desistía porque Estela non desistía. E Estela continuaba cara adiante porque vía como a comunidade loitaba. Nisto consistía a lealdade, nisto consistía a confianza mutua que se tiñan. Estela sostén que a loita non foi en balde. Agora, despois de tantos anos, si se recoñece como defensora de dereitos humanos, ela, que soubo poñer a lei ao servizo de quen tan lonxe sentían a xustiza. Estela e Baqueachi só querían ser escoitados, e escoitáronos.

Temis turrou da súa irmá, ditou sentenza. Por fin, Némese chegaba en Baqueachi.



A quen temos esperanza, máis tarde ou máis cedo a xustiza chéganos.

Con lealdade e tenacidade, con unidade pola causa común, claro que todo se pode lograr,

pero é importante non perder a esperanza.

GLOSARIO



Área mazahua-otomí esta expresión fai referencia a un conxunto de vilas e comunidades nas que vive poboación orixinaria das etnias mazahua e otomí, dous dos pobos orixinarios do centro de México.

Colonización proceso de ocupación do territorio e dominio dunha poboación por parte de outra. É o nome co que se denominou a expansión e sometemento por parte dos estados español, francés, británico e portugués –principalmente– dos territorios que conquistaron en América, África e Asia. Hoxe en día, o concepto de colonización esténdese tamén ao eido económico e cultural, e non só ao político ou bélico.

Colonizadores é o nome co que se denomina os estados ou persoas que lideraron estes procesos de colonización.

Frente Democrático Campesino organización de pequenos agricultores que procura melloras na vida e traballo das persoas adicadas á agricultura e gandería en pequenas explotacións no estado mexicano de Chihuahua.

Ejido terreo dado polo estado a un grupo de persoas para que o traballen en colectivo, e obteñan beneficios dese traballo. Esta explotación pode ser agrícola, gandeira, forestal...

Linguas minorizadas son aquelas que ven restrinxido ou limitado o seu uso por motivos sociais ou políticos. O adxectivo minorizada non ten que ver co número de falantes, senón coa imposibilidade ou dificultade para

utilizar esa lingua en certos ámbitos da vida, como por exemplo a educación, a política, a ciencia...

Mortalidade infantil taxa que reflicte o número de mortes de nenos e nenas menores de cinco anos por cada mil nados vivos. É unha das cifras que determina o nivel de saúde e benestar dun país, posto que as altas cifras de mortes infantís adoitan ter como causa enfermidades previbles, falta de vacinas ou falta de asistencia médica, entre outras.

Rexistro de nacemento é o proceso de inscribir unha persoa nada máis nacer. É a proba legal de que ese neno ou nena existe e recoñece a súa identidade. Aínda que en moitos países é un trámite normal que se realiza nada máis nacer, en moitos outros lugares non chega a facerse nunca. Sen rexistro de nacemento, un neno ou nena é invisible diante do goberno, posto que non está rexistrado que exista e, polo tanto, queda excluído da protección e garantía dos seus dereitos máis básicos, como a saúde ou a educación. Calcúlase que o 25 % dos nenos e nenas menores de 5 anos no mundo non foron rexistrados.

Terratenente persoa que posúe grandes extensións de terra, habitualmente adicadas á explotación agrícola ou gandeira.

RECURSOS





AGARESO

>>

Coordinadora Galega de ONGD

>>

Iniciativa Mesoamericana de Defensoras de Derechos Humanos

>>

Atlas da Xustiza Ambiental

>>

Atlas dos Pobos Indíxenas de México

>>

Conversa ‘Defensoras de dereitos: soste a vida, sementar o cambio’

>>

Os datos citados ao longo do libro foron extraídos das estatísticas e informes dos seguintes organismos:

- Organismos gobernamentais mexicanos: INEGI (Instituto Nacional de Estadística), CDI (Comisión Nacional para el Desarrollo de los Pueblos Indígenas), CONEVAL (Consejo Nacional de Evaluación de la Política Social).
- Organismos internacionais: PNUD (Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento), UNICEF e o Informe da Relatora Especial sobre os dereitos dos pobos indíxenas na súa visita a México en 2018.
- Organizacións non gobernamentais: CEMDA, Atlas da Xustiza Ambiental
- Organismos internacionais: PNUD (Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento), UNICEF e o Informe da Relatora Especial sobre os dereitos dos pobos indíxenas na súa visita a México en 2018.
- Organizacións non gobernamentais: CEMDA, Atlas da Xustiza Ambiental



Colección
Defensoras de dereitos

ESTELA ÁNGELES MONDRAGÓN

E O CAMIÑO A BAQUEACHI

Estela Ángeles Mondragón é defensora dos dereitos territoriais. Desde hai máis de dúas décadas acompaña ao pobo rarámuri, unha comunidade indíxena do norte de México, na recuperación de 44.000 hectáreas de terra e o recoñecemento dos seus dereitos.

Defensoras de Dereitos é unha colección impulsada pola Coordinadora Galega de ONGD e a Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social xunto á Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos. Cada libro recolle a historia de vida e acción política dunha defensora de dereitos de Mesoamérica. Xuntos, forman un mosaico de relatos persoais e colectivos pola dignidade e a vida.

IDADE RECOMENDADA: a partir de 14 anos